



A MULLER GALEGA NA BAHIA DOS ANOS 50

Maria del Rosário Suárez Albán

Universidade Federal de Salvador de Bahia

Ao escritor Gonzalo Navaza, que propuxo a creación dun lectorado fixo de Galego en Salvador – Bahia.

Téñase en conta que as primeiras referencias á inmigración galega na Bahia son de mediados do século XIX. Daquela o que había era unha inmigración case exclusivamente masculina, incluíndo por veces, nenos de dez ou once anos que viaxaban cun veciño a quen as nais lle daban todo o poder. Nenos que de tan pequenos tiñan que subir nun caixón para atender ós clientes; que traballaban toda a semana, menos ós domingos pola tarde, cando se poñían a durmir despois da comida. A chamada semana inglesa aínda tardou moito en poñerse en práctica para os primeiros galegos que foron a traballar en Bahia.

Sábese que os primeiros galegos adultos que desembarcaron en Bahia viñan das provincias de Pontevedra e Ourense, a maior parte solteiros. E, mesmo que xa fosen casados, non levaban as súas donas. Ían aventurar unha nova vida e non podían poñer en risco a vida das súas mulleres e dos seus fillos. Na verdade, as primeiras mulleres que chegaron a Brasil sentiron moito medo desa terra e desa xente que lles parecía formada por salvaxes, que andaban descalzos e semiespidos, que comían coas mans, sentados no chan, arrimados á parede. Outros inmigrantes, sen embargo, ben sucedidos nesa empresa transatlántica, xa se animan e levan consigo as mulleres e fillos. O cambio do *locus vivendi* significaba un grande acto de decisión familiar. As primeiras mulleres que acompañaron ós seus homes fixérono a comezos do século XX. As que non acompañaron ós seus homes nunca chegaron a coñecer as terras de Bahia e só gozaban deles a cada tres ou catro anos, cando eles volvían a Galicia para pasar unha temporada en gozos de amor e deixar ás súas donas un ou dous fillos máis.

En rúas residenciais da clase media baiana concentrábanse tendas de comestibles, a maior parte propiedades de galegos (panaderías, torrefaccións de café, artigos para uso doméstico...). Esas tendas de galegos eran moi

frecuentadas polas “muchachas”, empregadas domésticas, que viñan ás compras, pero á súa vez eran consideradas impropias para a frecuencia das mozas da sociedade baiana que vivían nas proximidades. A estas non lles era permitido polos pais brasileiros nin sequera ir comprar algúns caramelos ou artigos de utilidade escolar como lapis, gomas, regras ou outros. A razón que se poñía para esa prohibición tiña que ver co feito de que algúns traballadores, albaneis e outros facían dos almacéns o seu punto para tomar un trago ó final do día de traballo. Mestura con ese tipo de “xente” non era admitida polos pais das mozas baianas que vivían nas proximidades.

No que se refire ás preferencias culinarias dos inmigrantes, cómpre dicir que o cocido sempre foi o prato elixido para as reunións familiares dos galegos. Iso xa nunha época en que a muller comezara a acompañar ós seus homes na emigración. Tamén os baianos comían cocido, pero distinto daquel que preparaban os galegos. Estes non deixaban que faltase un anaco de xamón e algún chourizo dos que levaban da “terriña” ou que lles eran enviados polas nais por medio dalgún veciño. Os baianos, sen embargo, comían tamén chourizo, pero preparado con outros condimentos dos que non apetecían ós galegos, que lle daban moito valor ós “repotes” ou “petotes”, bolos feitos con fariña de millo e cociñados no caldo do cocido, bolos que os baianos aínda hoxe descoñecen. Por falar aínda do que comían os galegos en Bahia, o peixe sempre foi abundante ó redor da Bahia de Todos os Santos, e as portas dos galegos eran as metas dos peixeiros que percorrían as rúas de Salvador, levando á cabeza unha grande variedade de peixes. Non había “merluza”, pero si algunhas variedades moi apreciadas, como a pescada, semellante á “merluza” galega, pero de tamaño máis pequeno. Tamén había o *vermelho*, parente brasileiro do ollomol, e tantos outros que terminaban sendo preparados “á galega” polos inmigrantes. Xa o polbo, capturado nas rochas costeiras do litoral baiano, só era apreciado polos baianos que vivían ó pé do mar. Para a poboación urbana de Bahia e para os procedentes de zonas do interior, o polbo era tan estraño que lles causaba repulsa, e moitas empregadas domésticas non o cociñaban de boa gana cando lles era encargado porque lle tiñan medo. Pero os galegos, como sabemos, o apreciaban e seguen apreciando moitísimo.

En canto ás froitas, cómpre dicir que os inmigrantes tiñan medo de levar á boca aquilo que non coñecían e é por iso que a principio as froitas tropicais non triunfaron nas súas mesas. Buscaban —iso si— ter peras e mazás na casa, normalmente importadas de Arxentina e Uruguai. Eran froitas que coñecían mellor e por iso lles gustaban máis. Algúns tamén conseguían cultivar uvas no terreo ó redor da súa casa, o que era un privilexio de poucos. Os galegos tardaron moito en comer o *abacaxi*, a *jaca*, o *caju*, a *carambola* e tantas outras froitas tropicais que soamente a partir da segunda xeración de inmigrantes tiveron plena aceptación entre eles. Na verdade, ¿que hábitos foron asimilados pola muller galega? Non moitos, xa que elas conservaron durante moito tempo gran parte dos costumes traídos de Galicia.

¿E a xuventude galega? A principal distracción deses mozos en Salvador foi o de participar das festas e doutras actividades do Centro Cultural e Recreativo Español, ou simplemente Centro Español, como era coñecido por todos. De todos xeitos, os galegos foron asimilando algúns dos costumes baianos no que se refire ás festas populares. Pouco a pouco foron asistindo

ás festas relixiosas que comezan na fin de ano, moi concorridas e das que participaban baianos sen distinción de cor ou poder. Os galegos vían nesas festas o prolongamento das que xa tiñan vivido na súa terra natal. Algúns —e sobre todo algunhas galegas— pouco a pouco chegaron a irmandarse cos baianos nos cultos relixiosos de orixe africana. Sen embargo non deixaron de inmediato as prácticas que mantiñan en Galicia. Así pasaba no día de Xoves Santo, cando as galegas, seguindo o costume que trouxeran da súa terra, visitaban pola tarde diferentes igrexas da cidade.

En canto á culinaria, xa mencionamos a aversión que tiñan a principio os galegos ás froitas tropicais. De todos xeitos as galegas sempre se mantiveron moi curiosas pola cociña baiana. Non perderon ocasión de aprender a cociñar diferentes pratos feitos a partir de produtos e condimentos de orixe africana: o *aceite de dendê*, a *castanha de caju* ou o *amendoim*. A todos os galegos, dun modo xeral, lles gustaban —e gustan— pratos como o *vatapá*, o *caruru*, as *moquecas* e tantos outros da cociña africana implantada en Bahía e preparados a partir deses ingredientes.

Outros costumes, como o de comer coas mans, eran vistos polos galegos como unha contravención de hixiene e mirados con noxo e moi mala cara, como xa dixemos. Outro hábito baiano que a muller galega vía con moi malos ollos era o de andar descalzo. Os seus fillos tiñanse que calzar sempre, mesmo para andar na casa. En xeral, podemos apreciar cómo a muller galega se mantivo conservadora, tentando non cambiar o xeito de vida que trouxera de Galicia e introducindo só moi poucos e determinados hábitos da sociedade baiana dentro das súas casas.

As galegas que viñeron vivir a Bahía fixéronse moi amigas dos veciños e eran coñecidas en todo o barrio xa que sempre estaban dispostas a axudar ós que vivían cerca da súa casa. Algunhas destacábanse entre as demais porque emprendían negocios e traballos que eran máis propios dos homes. As que quedaron viúvas foron forzadas a asumir a dirección da familia e protagonizar papeis masculinos, que lles eran máis atraentes que o dunha ama de casa. De todos xeitos, a ocupación nas tarefas caseiras foi a principal entre as emigradas, que, ademais de ter que coidar da súa casa e cociñar para a súa familia, ás veces, tamén coidaban da casa onde vivían os empregados da empresa familiar. Non poucas mulleres axudaron ós seus homes nos negocios, atendendo ó mostrador e á caixa rexistradora, normalmente en bares, panaderías ou tendas de ultramarinos. Pero o oficio máis frecuente que a muller exercía era o de costureira. Eran moitas as costureiras nadas en Galicia ou brasileiras de ascendencia galega. Cosían para os fillos, para a casa e para elas mesmas. Os sacos baleiros de fariña de trigo eran usados para a confección de sabas, non só para as casas dos empregados como para as dos propios patróns. Cando como costureiras gañaban fama, as súas clientes viñan de lonxe. Como o traballo que elas desenvolvían non esixía que se afastasen nin das súas casas nin dos fillos, que de cerca podían acompañar mellor, a costura foi a actividade que mellor lles cabía.

¿Como fixeron os pais para ensinar os seus fillos a lingua de prestixio de España? Nos anos corenta chega a Bahía unha irmandade relixiosa de monxas españolas que montaron unha escola moi ben acollida polas familias galegas. Non foron poucos os pais que entón aproveitaron a oportunidade de

darlles ós fillos unha instrucción mais próxima da que recibirían se estivesen en Galicia. Que os fillos aprendesen a falar o castelán era un dos obxectivos deses pais galegos, e esas monxas foron moi ben recibidas en Bahía. Pero non quedaron alí moito tempo, e hoxe están soamente na memoria de moi poucos señores e señoras, que xa non puideron repetir cos seus fillos o ensino da lingua de Castela que eles recibiron nesa escola das monxas españolas. Como se sabe, que seus fillos falasen o galego nunca foi o obxectivo de ningún pai ó nai procedente de Galicia. O que querían era oílos falar o castelán, lingua de prestixio que moitos pais nunca chegaron a falar.

Xa polos anos cincuenta, un grupo de mulleres —xoves señoras e maiores— fundaron unha asociación feminina beneficente. Participaban mulleres que sempre admitiron ser “españolas”, ou xa brasileiras, pero descendentes case todas de galegos. A institución era beneficente e dirixía as súas accións para a sociedade circundante, sen distinguir baianos de españois. Reuníanse a cada xoves no Centro Español para tardes de traballo caritativo. Polo regular, facían sabas, roupas de vestir para anciáns desamparados, fosen galegos ou brasileiros. Reunían tamén fondos pecuniarios en pequena escala que axudaban a construír espazos para abrigar nenos diminuídos e para prover casas de caridade co necesario para a terceira idade.

Na segunda metade do século XX, a muller galega de Bahía móstrase máis activa e emprendedora. Hai ata casos de mulleres que se dedicaron á construción, oficio tradicionalmente relacionado cos homes. É o caso da Sra. Emilia da Estibada, verdadeira mestra nesa arte que, ademais de reformar e construír algunhas casas en Salvador, tivo o encargo de facer unha noutra cidade do país. Fai falta tamén mencionar a presenza das galegas dentro das institucións fundadas polos galegos. Desde a fundación do Hospital Español en 1885 ata a actualidade, a dirección sempre estivo en mans de homes, pero nos últimos anos dúas mulleres conseguiron participar da mesa directiva.

A Real Sociedade Española de Beneficencia é a mais antiga agrupación social española de Salvador. Foi fundada aínda no século XIX, máis precisamente en 1885, coa finalidade de acoller os inmigrantes españois enfermos, especialmente aqueles que na época tiñan sido atinxidos pola tuberculose, enfermidade que ceifou moitas vidas na emigración. O hoxe chamado Hospital Español, que presta atendimento a cerca de 2.800 asociados, ademais de recibir enfermos particulares e outros do sistema oficial de saúde, ten pasado por sucesivas reformas e obras de ampliación e conservación, o que lle permite estar entre os mais ben equipados de Bahía. A administración do Hospital Español estivo sempre en mans masculinas desde a súa fundación ata moi recentemente, cando dúas señoras, fillas de galegas —unha sendo médica— pasaron a sentarse na mesa directiva.

Xa no Centro Español, sempre houbo un grupo de mozas que se dedicaba a organizar as festas no que se refire á decoración do club, ó programa gastronómico ou á selección dos artistas participantes. O Centro tamén presentaba obras de teatro, polo xeral dirixidas polo profesor Laborda, un dentista que daba clases de español na Universidade. Das pezas de teatro participaban tanto a mocidade galega como algúns señores de mais idade, homes e mulleres. Eran pezas españolas, tales como: *La vida íntima*, *La visita que no tocó el timbre*, entre outras.

As fillas dos galegos, algunhas casaron con brasileiros e outras, con galegos que só viñeron a coñecer na emigración. Nos anos cincuenta xa se facía expresivo o número de mulleres galego-baianas en Salvador e xa se formaban grupos de mozas ós que se xuntaban os rapaces para divertírense nas festas do Centro Español e, moi particularmente, nas do Carnaval. O Centro, fundado en 1910, estivo primeiramente situado na zona central da cidade, moi preto do Gabinete Portugués de Lectura e despois foi pouco a pouco afastándose do centro da cidade. Así é que en 1948 se transferiu para a zona residencial da Vitoria, un barrio que empezaba a crecer no sentido vertical, para onde acorreron colexios e cursos de idiomas ademais de edificios de vivendas. O Centro Español está hoxe na súa terceira localización na cidade, ó lado do mar, na Avenida Oceánica, cunha área moi ampla para deportes. Os seus socios, españois ou brasileiros, hoxe todos integrados e perfectamente identificados coa cidade de Salvador. Así é que os galegos e os seus descendentes son na actualidade realmente os galegos de Bahía. Mais o camiño foi difícil. E como foi! Pero, sen esquecer nunca a súa terra, moitos decidiron por quedarse a vivir definitivamente en Bahía. Pouco a pouco fóronse baianizando, participando e asimilando os valores e os costumes da sociedade de adopción.

Suárez Albán, Maria del Rosário. "A muller galega na Bahía dos anos 50". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

